CHUVA

Anómico Teatro

TEXTO E DIRECCIÓN **JULIO FERNÁNDEZ PELÁEZ**

CON **ROBERTO LEAL**, **ALBERTO ROLÁN** E **MANU DOSOUTO**

AXUDANTE DE DIRECCIÓN E MOVEMENTO **EVA ALFONSO** ESPAZO ESCÉNICO **MONTSE PIÑEIRO** E **JULIO FER** ILUMINACIÓN **RAQUEL HERNÁNDEZ** E **PEDRO FRESNEDA** VESTIARIO **EVA ALFONSO** E **MONTSE PIÑEIRO** CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA **NORMA RODRÍGUEZ** DESEÑO GRÁFICO E FOTOGRAFÍA **MARÍA COSTA**

AGRADECEMENTOS **SGAE** E **TEATRO ENSALLE**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

centro dramático galego

TRAXECTORIA DA COMPAÑÍA

Creada en 2011, ANÓMICO TEATRO é unha compañía profesional de teatro contemporáneo adicada por entero á creación no ámbito das novas linguaxes escénicas e que polo de agora produciu os espectáculos: *Esgotar os ollos* (2012), *Julieta Virtual* (2013), *Exceso de conversación con gaviotas* (2014), *Preferiría non facerlo* (2015), coproducida por ALT Vigo, *Ensayo sobre la lejanía – Ensaio do lonxe* (2016), estreada no festival ISTO FERVE, e incluída na Rede Galega de Salas y Teatros, e ***OPTIMISMO FLORENCE***, con estrea en Teatro Ensalle, en marzo 2017, tamén incluida na Rede.

CHUVIA é, en consecuencia, a súa sétima montaxe, aínda que na actualidade, a compañía prepara a súa vez: ***PAISAJES DE EXTINCIÓN***, seleccionada para participar no programa de residencias da Red de Teatros Alternativos, con estrea o11 de setembro en Teatro Victoria de Tenerife.

RECOÑECEMENTOS

PREMIO COIRO DE PITA MELLOR ESPECTÁCUO TEMPADA 16-17 EN INGRÁVIDA POR ENSAYO SOBRE LA LEJANÍA

COMPAÑÍA INVITADA EN XXV MUESTRA DE TEATRO DE AUTORES CONTEMPORÁNEOS DE ALICANTE, 2017

Sinopse: Watt e Olf, dous homes cun marcado trazo intelectual, atopan na súa vivenda un home espido e refuxiado baixo unha cadeira, un home do cal descoñecen todo, mesmo como chegou ata alí, e co que non chegarán a ter contacto, agás do visual, mais que espertará neles todo tipo de especulacións. Non é este, con todo, o incidente de maior magnitude que sobrevén na cotidianeidade de Watt e Olf. De súpeto, e coma nun soño, a cidade derrúbase, e os tres homes volven atoparse no medio dous cascallos.

En esencia, e a través dunha atmosfera alegórica e surrealista, *Chuvia* fala da inacción e inercia dos seus personaxes -que se autodefinen como intelectuais- nun mundo que se transforma continua e abruptamente.

Chuvia, atravesada pola *desconfianza*, afonda na expresión das emocións ao tempo que agocha unha insoportable incapacidade para asumir a preta existencia do Outro, a semellanza coa sociedade na que, probablemente, viven.

A *desconfianza*, aquela que presupón que calquera motivo para a confianza ten que ser cuestionado de maneira instintiva, e que xera a súa consecuente sospeita, racional ou non. A *desconfianza* que socava dende a base o proceso comunicativo, impedindo de maneira subxectiva un auténtico coñecemento do alleo, e tamén calquera posibilidade de *confianza* ou *a-confianza*.

É nesta *desconfianza* na que acaban instalándose os personaxes de *Chuvia*: o que nun principio podería ter motivos certos para o desconcerto ou a sorpresa, pois O home aparece dentro dunha situación inverosímil -espido debaixo dunha cadeira- devén de xeito inmediato en *desconfianza*, e máis aló: en medo.